
ACTIVIDADES MUSICAIS PARA FACER NA CASA

Abril

1º-2º EP

Realizar coa axuda e supervisión dun adulto.

Podedes gravar (audio ou vídeo) e compartir as actividades que queirades (envíame o teu material, poñendo no asunto NOME e CURSO a: clasedemusica826@gmail.com)

Como vai todo, familia? Que non decaiga o ánimo! Lembramos algunha recomendación para que as cousas vaian o mellor posible na casa:

- Establecer rutinas.
- Alternar tipos de tarefas (dinámicas - estáticas, grupais - individuais...).
- Repartir as obrigacións caseiras.
- Ventilar a vivenda con frecuencia.
- Explicar a situación e aclarar dúbidas aos nenos con naturalidade e normalidade.
- Mirar pouco noticias e redes sociais.
- Controlar a inxesta e a dieta para manterse saudable.
- Facer exercicios aeróbicos e de relaxación.
- Apoiarnos entre todos. Facer videochamadas a amigos e familiares.

Este mes propoñovos facer un 'vasófono musical'. Como se fai?

Material:

- 7-8 vasos de cristal
- Unha xerra/botella chea de auga
- 1-2 culleres
- Pintura de dedos das 7 cores do arco da vella (opcional)

Construímos:

Colocamos os vasos en fila nunha mesa diante de un. Collemos a xerra de auga e imos botando auga en cada vaso, de menos (dereita) a máis. Coa axuda do teu oído e das culleres, vas afinando cada vaso coas notas musicais. O vaso máis cheo será a nota do. Por último botas un pouco de pintura en cada vaso segundo o arco da vella, comezando polo vaso máis cheo que será o vermello. Listo para probar melodías!

Podes ver o tutorial: <https://youtu.be/Brm0003fmhw>

Por outra banda, me gustaría que repasarades, coa axuda doutra persona, os xogos de palmas que sabedes. Tamén podedes ampliar e aprender algún novo...

<https://youtu.be/HTcWtEICK4c>

<https://youtu.be/M8tjyJuAKNw>

https://youtu.be/a0J5UOGbN_8

Saúdos e ánimo. Leti